

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE SETEMBRO DE 2018**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual setembro 2018 .....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en setembro de 2018.....	20
6.4.	Evolución da precipitación en setembro de 2018 .....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	28
9	RAIOS.....	29

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 28/11/2018**



**Mes moi cálido e moi seco.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

## **2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

O mes de setembro quedou determinado pola presenza das altas presións ao norte da península Ibérica, o que impediu a chegada de borrascas ou fronte atlánticas e achegou estabilidade a Galicia. Isto explica unha anomalía moi marcada nas precipitacións na metade oeste, que non foi tan significativa no leste, onde os fenómenos tormentosos si puideron deixar cantidades de precipitación apreciables, aínda que distribuídas de xeito irregular. O anticiclón tamén trouxo en moitos momentos do mes aire cálido de orixe norteafricana, o que explica que as temperaturas medias acadaran valores moi elevados.

Así, nos dous primeiros días do mes as xornadas foron de sol e intenso calor, aínda que o día 2 houbo algún fenómeno tormentoso pola tarde, pola entrada de aire lixeiramente máis frío en altura. Esta mestura de masas de aire marcou a situación durante toda a seguinte semana.

Entre as xornadas do 3 e do 9 tivemos un aumento das nubes, unha baixada de temperatura, algo máis acusada no oeste, e tormentas, que de xeito irregular foron afectando a diferentes puntos da Comunidade. As xornadas con máis actividade tormentosa foron as dos días 5 e 8, con case 3.500 raios detectados nesa última xornada.

A semana entre os días 10 e 16, ambos inclusive, quedaron caracterizadas pola estabilidade. O anticiclón estivo nese período estacionario ao norte da península Ibérica, achegando estabilidade e aire cálido dende o sur, polo que en xeral tivemos días de ceo moi aberto e forte sensación de calor, con vento en calma polas tardes, quedando a xornada do 11 como a máis calorosa do período.

Nos días seguintes tivemos algunha novidade, xa que os restos do furacán Helen movéronse en diagonal polo Atlántico, cara Irlanda. A súa repercusión foi cativa en Galicia, pero suficiente para que os ventos cambiasen a sur, aumentasen as nubes, descendesen algo as temperaturas e mesmo rexistrásemos na xornada do 18 algunhas chuvias febles no oeste.

Os días 19, 20 e 21 tivemos unha situación intermedia entre altas e baixas presións, polo que as temperaturas non foron moi destacadas, aínda que os ceos abertos e as altas temperaturas mantivéronse no interior da Comunidade.

A partir do 22 recuperamos a situación anticiclónica, que xa nos acompañou ata finais do mes. As xornadas do 22 e o 23 foron de sol e de novo elevadas temperaturas.

Entre o 24 e o 27 rexistramos a entrada de aire máis frío en altura, o que en combinación co aire cálido de superficie provocou inestabilidade, con sensación de bochorno e fenómenos tormentosos nas xornadas do 25 e o 27, sendo as tormentas particularmente activas na madrugada do 27.

As tres derradeiras xornadas do mes quedaron de novo baixo a influencia anticiclónica, con estabilidade e aire cálido en superficie, polo que o sol e as altas temperaturas foron protagonistas no interior, mentres que no litoral as néboas costeiras, presentes ao principio e final da xornada, non permitiron que a sensación fose de moito calor no litoral.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) pódese observar unha forte anomalía positiva. Esta anomalía amosa como durante o mes de setembro os centro de altas presións estiveron sobre a Comunidade galega, con ventos predominantes de nordés. Así mesmo, esta situación impediu a chegada de borrascas e permitiu que aire cálido de procedencia norteafricana trouxera temperaturas moi cálidas para a época do ano.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Setembro-2018.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Setembro-2018.

#### 4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



**A CORUÑA**

	SETEMBRO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.0/19.6	18.5	20.6 (2014)	15.7 (1952)
Tª mínima media	15.8/16.1	15.2	17.1 (2014)	12.2 (1952)
Tª mínima absoluta	14.0/14.1 (día 11/26)	5.2 (20/09/1938)		
Tª mínima máis alta	19.2/19.5 (día 3/2)	20.6 (28/09/1990)		
Tª máxima media	22.2/23.2	21.8	23.5 (1987)	19.1 (1952)
Tª máxima absoluta	28.1/ <b>31.9 (día 2)</b>	31.4 (22/09/2013)		
Tª máxima máis baixa	18.3/18.7 (día 14/28)	15.2 (01/09/1956)		
Precipitación acumulada	5	57-113	258 (1932)	3 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	1	8	19 (1933)	1 (1985)

*Comentario:* Mes moi cálido tanto en temperaturas máximas, mínimas e medias. Este mes acadouse a temperatura máxima máis alta da serie na estación de "Coruña - Estación Completa". A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia foi moi inferior ao agardado, igualando o mínimo do ano 1985.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

**SANTIAGO**

	SETEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	21.1	18.3	21.8 (1985)	15.9 (1933)
Tª mínima media	14.9	13.1	15.0 (2016)	11.8 (1996)
Tª mínima absoluta	10.3 (día 19)	3.6 (30/09/1982)		
Tª mínima máis alta	19.2 (día 2)	23.3 (06/09/2016)		
Tª máxima media	27.2	23.5	28.6 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	34.6 (día 1)	40.0 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	21.9 (día 18)	12.5 (19/09/2000)		
Precipitación acumulada	1	56-105	263 (1999)	7 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	0	8	17 (1993)	1 (2007)

*Comentario:* Mes moi cálido de forma xeral para todas as temperaturas. Mes extremadamente seco, rexistrándose o mínimo da serie, ao igual que o número de días de chuvia, xa que dos dous días con precipitacións, ningún chegou a 1 litro/m².

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018





## LUGO

	SETEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	<b>20.4</b>	17.1	20.4 (1987)	14.0 (1995)
Tª mínima media	13.3	11.0	13.9 (1991)	8.8 (1989)
Tª mínima absoluta	7.8 (día 26)	1.0 (28/09/1993)		
Tª mínima máis alta	16.5 (día 3)	18.0 (01/09/1999)		
Tª máxima media	27.4	23.2	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	34.7 (día 2)	39.4 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	20.6 (día 6)	13.0 (27/09/1992)		
Precipitación acumulada	29	42-66	137 (1986)	0 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	4	7	16 (1995)	2 (1988)

*Comentario: Mes moi cálido tanto para as temperaturas mínimas, máximas e extremadamente cálido para as medias acadándose o máximo histórico da serie.*

*A chuvia rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia inferior ao valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2018. Temperatura: 1981-2018

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	SETEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	<b>20.6</b>	18.7	20.6 (2013)	15.8 (1974)
Tª mínima media	<b>14.9</b>	13.0	14.9 (1959)	10.1 (1963)
Tª mínima absoluta	17.1 (día 1)	3.7 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	17.1 (día 6)	19.0 (24/09/1968)		
Tª máxima media	26.3	24.3	27.5 (1985)	20.7 (1974)
Tª máxima absoluta	32.2 (día 1)	34.9 (06/09/1970)		
Tª máxima máis baixa	20.9 (día 30)	13.4 (16/09/1962)		
Precipitación acumulada	17	74-107	268 (1967)	4 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	3	8	18 (1968)	1 (1988)

*Comentario: Mes extremadamente cálido en mínimas e medias e moi cálido nas máximas. Acadáronse as temperaturas mínimas e medias máis altas da serie histórica.*

*A chuvia rexistrada é moi inferior ao rango de valores normais, caracterizándose o mes como moi seco. O número de días de chuvia foi inferior ao valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2018. Temperatura: 1958-2018



**OURENSE**

	SETEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	<b>23.5</b>	20.2	22.4 (1985)	16.7 (1974)
Tª mínima media	14.6	12.3	14.8 (1981)	9.7 (1974)
Tª mínima absoluta	10.4 (día 26)	3.0 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	19.5 (día 3)	21.0 (18/09/1981)		
Tª máxima media	<b>32.3</b>	27.5	31.9 (1985)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	38.7 (día 2)	41.6 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	27.1 (día 5)	15.4 (25/09/1994)		
Precipitación acumulada	21	29-67	227 (1999)	3 (2009)
Días de chuvia (≥1mm)	3	6	12 (1993)	1 (2017)

*Comentario: Mes extremadamente cálido en temperaturas máximas e medias e moi cálido nas mínimas. Acadáronse máximos da serie na media das máximas e na temperatura media (datos en negriña referidos á estación de "Ourense – A Granxa").*


*Debido ao carácter treboento das precipitación, a estación de Ourense rexistrou 21 L/m<sup>2</sup>, mentres que a de Ourense-Estacións rexistrou 86 L/m<sup>2</sup>. Tendo en conta a primeira o mes sería seco e considerando a segunda, moi húmido. O número de días de chuvia foi inferior ao valor medio, que é 6.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2018. Temperatura: 1972-2018

## 5 TEMPERATURA

A presenza do anticiclón que achegaba aire cálido na superficie e aportaba estabilidade para deixar o ceo despexado, fixo que as temperaturas fosen moi elevadas para a época do ano, tanto nos valores das madrugadas, como nos das máximas da tarde, sendo o efecto máis notable nos valores diúrnos. Así por exemplo Ourense capital tivo unha media das máximas de máis de 32°C o que constitúe o rexistro máis elevado da serie histórica.

### 5.1. Temperatura media das máximas.




**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de setembro de 2018.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de setembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 26.2 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente nas

zonas altas da Mariña Lucense e nas zonas montañosas das provincias de Lugo e Ourense, con valores entorno aos 19 °C. Por outra banda os valores máis altos déronse principalmente na comarca do Ribeiro e Verín, con valores de máis de 31 °C e gran parte das localidades limítrofes cos ríos Miño e Sil.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro para o territorio galego foi de 13.3 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia, onde se acadaron valores próximos aos 9 °C. Os valores máis altos déronse principalmente no sur de Pontevedra, con valores próximos aos 17 °C.




Tmín - 09/2018

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de setembro de 2018.

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de setembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de +3.1°C. Toda a Comunidade rexistrou anomalías positivas. Os valores máis baixos acadáronse na Mariña e Bergantiños (+0.8°C) e os máis altos en zonas altas do sur de Lugo, Pontevedra e Ourense (+4.5°C).



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de setembro respecto ao período 1981-2010.

A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) superan os 5°C e as máis baixas non son menores dun grao por riba do normal no norte da Comunidade (Táboa 2). Isto reflexa a situación de altas temperaturas que tivo lugar durante todo o mes.



Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Tui	Pontevedra	5.0
Gondomar	Pontevedra	4.8
Vilardevos	Ourense	4.8
Castrelo do Val	Ourense	4.7
Esgos	Ourense	4.7
Vilariño de Conso	Ourense	4.6
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.5
Verín	Ourense	4.5
Riós	Ourense	4.5
Oímbra	Ourense	4.5

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de setembro de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Burela	Lugo	0.5
Foz	Lugo	0.7
Xove	Lugo	0.9
Cervo	Lugo	0.9
Mondoñedo	Lugo	0.9
Lourenzá	Lugo	0.9
Barreiros	Lugo	0.9
Ribadeo	Lugo	1.0
Cabana de Bergantiños	A Coruña	1.0
Ponteceso	A Coruña	1.0

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de setembro de 2018.

Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de setembro de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 1 e o 2 de setembro rexistráronse os valores máis altos de temperatura, por debaixo e por enriba dos 1000 m.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/09/2018	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	40.9
01/09/2018	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	40.4
01/09/2018	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	39.6
01/09/2018	Areas	TUI	Pontevedra	39.5
01/09/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	39.4
02/09/2018	Ourense	OURENSE	Ourense	38.7
01/09/2018	Queimadelos	MONDARIZ	Pontevedra	38.6
01/09/2018	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	38.6
01/09/2018	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	38.5
01/09/2018	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	38.2

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/09/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	32.1
02/09/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	31.3
02/09/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	31.2
02/09/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	30.8
02/09/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	30.7
01/09/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	29.1
02/09/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	28.7
02/09/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	28.4
01/09/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	27.3
02/09/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	26.6

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2018 a altitude maior de 1000 m.

Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destacan as provincias de Lugo e Ourense por ser as máis frías do mes, tendo en conta as dúas altitudes.



Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/10/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	6.7
25/09/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	6.7
21/09/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	6.8
30/09/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	6.8
05/09/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	6.9
30/09/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	6.9
21/09/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	6.9
06/09/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	7.2
06/09/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	7.2
01/10/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	8.4

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2018 altitude superior a 1000m.


Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/09/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	0.5
26/09/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	3.3
20/09/2018	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	4.7
19/09/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	4.8
26/09/2018	Fragavella	ABADÍN	Lugo	4.9
26/09/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	5.0
26/09/2018	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	5.1
26/09/2018	Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	5.5
19/09/2018	Coto Muiño	ZAS	A Coruña	5.6
25/09/2018	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	6.0

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2018 altitude inferior a 1000m.




### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 20.7 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para setembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +2.66°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse tanto as temperaturas máximas, que presentaron unha anomalía de +3.59°C, como ás mínimas, cunha anomalía de +1°.72°C. Considerando a temperatura media, este foi o setembro máis cálido da serie histórica, precedido por 1985, cun valor de +2.29°C.




**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en setembro, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As chuvias rexistradas durante este mes tiveron unha orixe na súa meirande parte convectiva, polo que a súa distribución foi moi irregular. En puntos da metade oeste, onde os fenómenos tormentosos apenas afectaron, tivemos puntos nos que non houbo precipitación en todo o mes. Santiago de Compostela rexistrou soamente 1 mm sendo o rexistro máis baixo da serie histórica.


### 6.1. Precipitación acumulada mensual setembro 2018



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de setembro de 2018.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de setembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 70 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Tan só na Mariña e zonas do interior onde se rexistraron as principais treboadas se observa que as chuvias acadaron valores normais ou lixeiramente húmidos. Para a metade occidental de Galicia, setembro foi moi seco (non supera o 20% da precipitación normal para este mes).



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de setembro de 2018.

### 6.3. Días de chuvia en setembro de 2018

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$ ) foi de 2.5. Os valores máis altos tiveron lugar no litoral norte da Comunidade, onde se acadaron máis de 5 días de chuvia. Os valores máis baixos déronse no litoral atlántico onde non se rexistraron días de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de setembro de 2018.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de setembro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 50 L/m<sup>2</sup>, en moitas localidades. Destacan as localidades das provincias de Ourense e Lugo.

Precipitacións acumuladas máximas en setembro de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	86
Xares	A VEIGA	Ourense	81
Burela	BURELA	Lugo	71
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	67
Pazo de Fontefiz	COLES	Ourense	66
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	62
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	58
Corzos	A VEIGA	Ourense	57
Morelle	SARRIA	Lugo	57
O Xipro	A FONSAGRADA	Lugo	53

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de setembro de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	56	08/09/2018 15:10
Pazo de Fontefiz	COLES	Ourense	49	26/09/2018 6:40
Burela	BURELA	Lugo	46	05/09/2018 2:00
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	41	08/09/2018 0:00
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	35	26/09/2018 17:50
Pol	POL	Lugo	35	04/09/2018 5:40
Xares	VEIGA (A)	Ourense	35	04/09/2018 16:40
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	34	05/09/2018 6:40
O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	33	26/09/2018 20:50
Morelle	SARRIA	Lugo	33	04/09/2018 3:30

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de setembro de 2018.

### 6.4. Evolución da precipitación en setembro de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 20 L/m<sup>2</sup>.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2018 para setembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 70 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi seco, tendo en conta a totalidade da Comunidade. O precedente máis seco foi setembro de 2011.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en setembro, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Como indica a Táboa 9, soamente en Punta Candieira se rexistraron fortes ventos.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en setembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
24/09/2018	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	114.3

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de setembro.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	90.0	NE	27	<p>INTENSIDADES PONDEADAS E COA DIRECCIÓN Lira (10150) e 09/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (10150) e 09/2018</p>
		Día 24				
Pta. Candieira	Cedeira	114.3	NE	10	<p>INTENSIDADES PONDEADAS E COA DIRECCIÓN Punta Candieira (10092) e 09/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (10092) e 09/2018</p>
		Día 24				
Malpica	Malpica	76.1	E	8	<p>INTENSIDADES PONDEADAS E COA DIRECCIÓN Malpica (10093) e 09/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10093) e 09/2018</p>
		Día 24				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	53.9	E	10		
		Día 25				







Táboa 10: Resumo do vento no mes de setembro de 2018 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	58.0	E	12		
		Día 24				
Ancares	Cervantes	59.5	NE	23		

Táboa 11: Resumo vento no mes de setembro de 2018 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	55.8	SE	15		
		Día 3				
Rodicio	Maceda	48.7	NE	17		
		Día 23				
Gandarela	Celanova	41.6	NO	58		
		Día 27				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de setembro de 2018 na provincia de Ourense.




PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	65.7	E	21	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN          Fornelos de Montes (10086) # 09/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s)          Fornelos de Montes (10086) # 09/2018</p>
		Día 6				
Ons	Bueu	64.3	NE	10	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN          Ons (10126) # 09/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s)          Ons (10126) # 09/2018</p>
		Día 24				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de setembro de 2018 na provincia de Pontevedra.

## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de setembro de 2018.

## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal





Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS


A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de setembro 10196 raios. Os días de máis actividade tormentosa foron o 5 e 8, este último con case 3500 raios detectados (Figura 15), e tamén o día 27 debido á entrada de aire frío en altura.



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en setembro de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, estes raios detectáronse principalmente na provincia de Ourense.

**nº de raios detectados en setembro de 2018 por provincias**



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en setembro de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en setembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Nesta gráfica pódese observar como este mes detectouse o segundo maior número de raios da serie, sendo superado polo ano 2014.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en setembro dende 2010 a 2018.

MeteoGalicia  
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático  
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.  
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>A Coruña</b>																												
A Gándara	17.5	22.35	33.8	2	14.2	10.7	25	21	19.2	21	-82	81	95	61	61	229	1650	19	64	24	972	6	0					
Aldea Nova	18.5	23.3	31.2	2	15.2	13.0	25	15	8.6	21	-84	82	95	65	58	216	1529	9	68	24	987	6	0					
Arzúa	18.6	26.69	33.0	1	12.2	8.9	17	1	0.8	18	-115	80	99	49	71	265	1809	5	37	6	976	2	0					
Camariñas	17.8	-	-	2	-	-	17	8	7.4	21	-85	86	95	71	65	243	1757	17	67	24	1019	3	-					
Cariño	18.1	20.62	26.5	17	15.9	13.2	17	24	6.8	24	-61	89	97	77	48	180	1360	13	63	24	1020	8	0					
Cespón	20.5	27.95	36.5	1	15.1	10.4	19	2	1.0	18	-115	76	94	49	70	260	1724	6	47	5	1014	4	0					
CIS Ferrol	19.6	25.13	35.1	2	15.7	12.8	11	9	7.7	21	-105	79	94	59	64	238	1669	10	64	3	1016	4	0					
Corrubedo	19.8	25.37	34.8	1	15.7	12.6	29	1	1.0	18	-122	74	89	53	65	242	1727	7	62	6	1015	3	0					
Coruña-Bens	20.5	24.69	34.2	2	17.7	14.1	26	5	2.4	21	-	85	97	66	-	-	1616	12	52	14	1004	6	0					
Coruña-Dique	17.9	21.05	27.1	1	15.4	13.4	30	3	2.4	21	-	84	94	70	-	-	-	13	54	6	1018	3	0					
Coruña-Torre de Hércul	18.4	22.19	28.1	2	15.8	14.0	11	4	3.5	21	-	79	90	64	-	-	-	-	-	-	-	-	3	0				
*Costa	20.1	27.89	35.4	1	14.7	10.2	19	0	0.4	18	-	81	98	53	-	-	-	3	29	14	999	1	0					
*Coto Muiño	17.4	25.81	34.5	1	11.1	5.6	19	13	11.0	21	-	86	100	57	-	-	-	2	31	6	-	5	0					
Fontecada	18.4	25.54	33.2	1	13.1	8.4	20	1	0.4	3	-113	75	91	49	65	242	1676	10	54	24	977	4	0					
*Guísamo	19.3	25	33.2	2	15.2	12.7	10	5	4.9	21	-	74	88	53	-	-	-	3	28	6	999	3	0					
*Lesende	19.9	26.47	35.0	1	15.1	11.4	19	2	0.8	18	-124	70	86	48	67	250	1749	4	35	6	999	3	0					
Lira	20.0	24.79	32.3	2	16.5	12.2	30	2	2.3	21	-128	73	89	55	70	261	1758	14	89	24	-	3	0					
Mabegondo	18.8	26.37	36.4	2	12.3	7.3	25	3	2.8	21	-106	84	99	57	63	235	1728	5	40	3	1009	2	0					
Malpica	17.0	20.8	29.3	2	14.4	12.3	17	7	6.6	21	-69	95	100	81	65	242	1649	20	76	24	1001	4	0					
Marco da Curra	17.1	23.04	31.3	2	13.1	9.4	24	8	3.4	4	-102	80	96	55	66	247	1652	15	53	25	946	6	0					
Melide	18.9	27.19	34.1	2	12.6	8.2	20	8	5.9	8	-116	75	96	45	72	270	1842	6	49	3	965	3	0					
Muralla	18.4	23.43	31.6	1	14.6	10.6	24	9	3.8	3	-98	78	96	56	68	254	1584	21	79	3	943	6	0					
*O Val	19.2	24.88	34.0	2	14.8	10.8	19	8	7.3	21	-	79	92	61	-	-	-	4	44	17	1012	4	0					
Olas	18.3	25.91	34.6	2	12.8	9.4	20	0	0.0	1	-103	83	99	55	61	228	1572	9	39	27	-	0	0					
*Ordes	18.4	26.04	35.5	2	11.9	7.3	26	3	2.7	3	-	77	93	50	-	-	-	4	35	24	987	2	0					
*Paramos	18.2	25.12	32.5	2	13.5	9.4	19	3	2.6	21	-	87	99	61	-	-	-	6	32	24	977	4	0					
*Pazo de Galegos	20.3	28.03	35.0	1	14.7	9.9	19	0	0.3	4	-120	79	96	52	68	255	1777	3	28	20	993	1	0					
Punta Candieira	18.4	21.63	32.1	2	16.0	13.9	17	8	4.4	21	-93	82	94	65	62	224	1627	26	114	24	990	6	0					
Punta Langosteira	17.0	-	-	1	15.2	13.6	11	0	0.0	1	-	90	97	80	63	234	1618	12	60	24	1017	0	0					
Río do Sol	17.3	22.49	32.6	2	13.6	9.9	25	8	5.4	21	-94	84	97	63	61	229	1620	17	54	5	957	5	0					
*Rus	18.3	-	-	2	12.0	7.1	25	4	3.7	21	-	87	100	62	-	-	-	3	37	29	1004	2	0					
Sálvora	18.3	-	-	1	15.8	13.6	9	1	0.8	18	-99	83	93	67	64	200	1774	12	54	24	-	3	0					
Santiago-EOAS	19.9	27.23	34.6	1	14.9	10.3	19	1	0.9	18	-118	76	95	48	65	241	1732	7	46	24	989	2	0					
Santiago-San Lázaro	19.3	25.68	33.5	1	14.5	10.9	19	5	4.4	2	-119	75	92	51	72	270	1825	10	46	6	983	3	-					
Sergude	20.1	27.87	35.3	1	14.8	11.1	19	1	1.0	18	-	75	94	46	66	245	1613	-	-	-	-	1	0					
Serra da Faladoira	16.4	20.93	27.4	2	13.3	9.9	25	44	21.8	5	-37	88	99	69	52	193	1460	21	89	25	954	11	0					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días							
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada								
<b>Lugo</b>																																		
A Pontenova	17.4	22.37	30.5	17	14.2	7.9	26	34	26.3	5	-	89	99	68	--	--	1255	11	51	21	-	-	-	-	-	7	0							
Abradelo	18.6	25.98	32.8	2	13.1	8.7	25	26	8.7	5	-	70	93	43	72	257	1854	-	-	-	-	-	-	-	-	5	0							
*Alto do Faro	17.3	23.79	30.3	2	12.2	8.0	25	29	24.5	8	-	75	95	46	-	-	-	6	39	6	925	-	-	-	4	0								
*Alto do Poio	16.5	21.31	26.6	2	12.5	6.7	30	57	41.3	8	-	66	88	46	-	-	-	7	43	5	-	-	-	-	7	0								
Ancares	17.1	22.21	28.4	2	13.1	6.9	30	9	9.2	8	-115	61	85	42	70	216	1857	12	59	5	870	-	-	-	3	0								
*Borreiros	18.5	23.27	30.4	17	14.4	8.4	26	43	19.5	5	-34	86	98	68	42	155	1210	4	40	25	1013	-	-	-	8	0								
Bóveda	19.9	30.04	37.0	2	12.6	8.1	26	28	9.2	4	-105	71	95	34	73	271	1878	5	41	6	970	-	-	-	6	0								
Burela	16.7	19.48	27.7	17	14.7	11.0	26	71	41.6	5	1	91	98	78	41	151	1271	14	57	24	-	-	-	9	0									
Campus Lugo	18.9	27.44	34.7	2	13.4	7.8	26	28	18.7	8	-82	78	97	45	58	218	1662	5	41	8	973	-	-	-	4	0								
Castro R. de Lea	18.2	26.12	33.3	2	13.0	5.5	26	8	4.5	5	-	81	97	52	--	--	1576	-	-	-	971	-	-	-	5	0								
Conchada	20.0	29.05	35.2	2	13.9	10.1	25	38	16.5	27	-	72	95	42	73	271	1895	-	-	-	-	-	-	6	0									
Corno do Boi	17.2	23.94	32.2	2	12.8	7.7	25	12	8.2	8	-96	80	98	51	65	242	1663	10	45	6	-	-	-	5	0									
Courel	19.5	27.96	35.8	2	13.3	9.7	25	21	11.4	8	-120	64	90	34	72	270	1846	7	55	30	932	-	-	-	6	0								
Fontaneira	16.9	22.54	30.2	2	12.6	7.5	25	39	18.3	5	-76	76	95	52	68	254	1695	14	56	6	909	-	-	-	6	0								
Foz	17.6	21.39	25.5	19	14.7	8.4	26	47	23.7	5	-32	88	96	73	43	160	1343	7	50	24	1012	-	-	-	8	0								
Fragavella	14.9	19.4	26.1	2	11.2	4.9	26	48	13.0	5	-21	91	100	73	40	150	1257	11	58	27	952	-	-	-	13	0								
Guitiriz-Mirador	16.8	23.05	29.9	2	13.0	9.1	25	6	4.6	4	-90	85	99	57	63	234	1596	11	55	24	942	-	-	-	4	0								
*Labrada	16.2	20.96	29.0	2	12.9	9.2	25	27	10.8	5	-56	86	98	65	47	175	1372	9	47	25	-	-	-	10	0									
*Lanzós	16.6	24.19	33.1	2	-	-	26	22	12.9	27	-	81	95	56	-	-	-	2	61	24	965	-	-	-	5	-								
*Lourenzá	18.4	24.02	32.3	17	14.1	6.5	25	32	21.8	5	-	87	99	66	-	-	-	2	37	21	-	-	-	7	0									
Marroxo	19.5	27.4	33.6	2	14.1	9.4	25	17	12.0	8	-109	71	94	39	71	265	1760	7	43	27	947	-	-	-	4	0								
*Míllara	20.9	31.07	36.9	2	14.5	8.7	26	32	12.7	8	-	72	96	36	-	-	-	5	41	24	-	-	-	3	0									
*Morelle	18.7	28.15	35.2	2	11.9	6.4	26	57	32.0	5	-65	81	99	46	44	165	1385	2	33	27	971	-	-	-	4	0								
O Cebreiro	16.0	23.72	29.1	1	11.2	6.8	30	35	16.4	8	-90	75	95	50	72	267	1847	12	45	26	875	-	-	-	6	0								
O Xipro	17.6	25.01	32.6	2	12.5	7.5	25	53	33.4	27	-61	80	100	49	68	252	1776	9	45	5	931	-	-	-	4	0								
*Olveda	18.4	26.95	35.1	2	12.2	6.5	25	7	4.0	8	-95	82	-	49	61	226	1708	4	37	7	-	-	-	3	0									
Pedro Murias	18.0	21.33	25.9	19	15.1	9.7	26	30	14.7	5	-61	93	100	79	41	153	1273	7	58	24	1015	-	-	-	7	0								
Penedo do Galo	15.9	19.2	25.9	26	13.7	9.9	26	67	29.9	5	-6	91	99	77	46	171	1347	20	83	25	-	-	-	10	0									
Pol	17.4	24.69	32.4	2	12.8	7.8	25	42	27.3	5	-	81	99	51	64	240	1693	-	-	-	945	-	-	-	4	0								
Portomarín	18.8	28	35.8	2	12.8	6.8	26	10	3.4	8	-	80	99	44	58	215	1527	-	-	-	969	-	-	-	5	0								
Sambreixo	17.2	25.17	32.8	2	11.2	5.1	26	11	5.7	8	-	80	96	49	61	225	1602	-	-	-	-	-	-	5	0									
*San Clodio	20.6	31.23	37.7	2	12.9	8.5	20	30	17.6	27	-	73	100	34	-	-	-	3	30	2	989	-	-	-	4	0								
*San Fiz	19.7	27.99	33.8	2	14.0	9.0	25	37	24.4	8	-92	75	95	44	65	244	1902	3	36	2	974	-	-	-	3	0								
Ventosa	17.3	24.62	30.9	2	11.7	7.5	25	9	5.3	2	-116	73	93	44	73	272	1868	7	49	17	917	-	-	-	3	0								
*Vilamor	18.3	23.15	31.2	17	14.3	7.5	26	28	15.2	5	-56	80	91	61	39	146	1252	5	40	24	-	-	-	9	0									
*Xabrega	19.9	30.22	37.0	2	13.6	9.0	26	21	13.5	8	-101	73	94	36	63	234	1713	3	41	8	982	-	-	-	4	0								

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva
<b>Ourense</b>																										
A Mezquita	19.0	26.28	30.7	2	12.7	6.7	25	16	8.4	8	-137	57	79	36	76	282	1930	9	51	3	906	5	0			
*A Portela	21.6	31.94	36.7	1	13.5	10.2	20	20	14.4	5	-116	62	94	29	73	270	1772	4	37	8	-	5	0			
*A Trabe	20.8	27.6	32.3	2	14.5	11.0	21	10	6.0	9	-137	57	78	35	76	283	1963	4	34	8	931	4	0			
Alto do Rodicio	18.1	24.6	31.2	2	12.9	8.9	30	17	12.5	5	-116	71	94	45	75	279	1960	10	48	23	910	5	0			
Amiudal	20.1	28.44	34.3	2	14.4	11.0	19	12	6.7	5	-126	68	90	37	74	276	1901	7	40	6	956	3	0			
As Petarelas	20.7	29.9	34.6	1	13.6	10.9	19	4	2.1	3	-	61	87	32	76	283	1892	-	-	-	-	3	0			
Baltar	18.2	28.06	33.7	2	9.1	4.8	19	19	9.2	5	-113	67	97	29	75	278	1880	5	49	1	929	4	0			
Cabeza de Manzaneda	14.8	18.31	23.4	2	11.6	7.2	6	61	19.5	8	--	62	84	42	--	--	1966	12	52	3	831	6	0			
*Calvos	16.3	27.01	32.8	2	-	-	20	32	23.5	27	--	75	100	39	74	276	1913	5	33	8	-	5	-			
Casaio	18.0	22.72	27.3	1	13.6	9.7	6	21	8.4	7	-	57	76	40	-	-	-	5	49	3	-	7	0			
*Corzos	16.6	24.29	30.8	2	10.6	6.9	21	57	22.4	5	-	66	87	42	-	-	-	6	34	11	-	6	0			
Entrimo	20.7	29.37	35.5	1	14.4	9.2	19	26	19.0	8	-	64	88	36	70	259	1839	-	-	-	-	5	0			
*EVEGA Leiro	21.1	33.35	39.4	1	12.3	8.0	26	9	7.4	5	-	69	95	29	-	-	-	1	22	17	1007	2	0			
Gandarela	20.3	28.38	34.7	2	14.5	9.4	25	9	5.7	8	-119	70	93	41	67	250	1794	5	41	27	948	2	0			
Lardeira	15.4	20.02	25.3	2	11.9	7.2	6	30	10.3	9	-105	62	79	45	72	266	1873	13	70	3	844	6	0			
*Larouco	20.6	29.77	36.5	2	13.5	10.8	25	25	19.3	8	-	59	84	30	-	-	-	3	29	8	960	4	0			
Laza	20.6	30.37	36.1	2	12.7	9.6	26	15	9.2	27	-121	62	92	30	73	273	1843	5	53	8	-	2	0			
Monte Medo	19.2	27.89	34.5	2	12.1	7.5	20	25	19.6	5	-	71	96	39	68	254	1755	-	-	-	-	3	0			
O Invernadeiro	17.6	27.03	32.1	2	10.3	6.8	21	20	9.9	8	-118	65	89	35	71	264	1902	8	49	27	905	6	0			
Ourense	21.9	32.3	38.7	2	14.6	10.4	26	20	12.4	8	-	64	90	29	-	-	-	-	-	-	-	4	0			
Ourense-Estacións	22.4	32.23	38.2	1	15.6	12.2	26	86	55.8	8	-126	64	88	32	72	267	1816	3	62	8	1004	4	0			
*Pazo de Fontefiz	20.8	29.05	35.6	2	14.6	11.5	19	65	48.9	27	-75	66	88	36	73	272	1888	5	30	8	972	2	0			
*Ponte Boga	19.9	28.75	33.6	1	13.5	10.3	26	42	35.4	27	-91	64	84	36	68	254	1817	4	34	5	965	2	0			
*Prado	21.3	32.19	38.6	1	13.8	9.6	26	15	8.8	5	-	70	93	36	-	-	-	2	26	4	1004	3	0			
Remuíño	21.4	34.56	40.4	1	13.4	9.8	26	5	4.8	8	-124	71	96	31	61	226	1710	4	41	8	-	2	0			
*Riós	20.6	27.96	32.4	2	14.5	10.3	25	6	5.1	8	-144	57	80	32	77	287	1999	4	43	8	-	2	0			
San Xoán de Río	17.9	24.82	31.2	2	12.7	8.4	30	48	23.7	27	-87	70	94	43	73	272	1900	11	43	8	905	5	0			
Serra do Eixe	17.5	23.95	28.7	2	12.4	9.6	21	19	9.7	5	-119	67	88	44	77	285	1946	10	49	20	884	5	0			
Verín-Vilamaior	21.3	30.69	35.2	2	13.8	11.1	25	9	6.0	8	-140	60	87	30	77	286	1963	5	38	24	957	4	0			
Verín-Vilela	19.5	31.57	36.9	2	9.5	5.0	26	12	3.8	27	-119	71	98	31	75	281	1895	3	48	8	-	5	0			
Viana do Bolo	18.4	28.12	32.9	2	10.6	7.8	21	20	8.3	27	-106	70	97	37	71	264	1828	5	36	26	924	5	0			
Xares	15.1	19.34	24.1	2	11.5	6.9	5	80	34.6	5	-38	65	83	48	69	255	1816	4	59	3	831	7	0			
Xinzo	18.3	28.47	34.7	2	9.4	4.7	20	17	16.5	8	-112	74	100	37	72	269	1899	6	44	26	948	2	0			
Xurés	19.4	25.58	31.3	2	14.6	11.0	21	28	17.0	8	-132	59	83	40	78	290	1995	11	55	3	902	6	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m <sup>2</sup>			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m <sup>2</sup>	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m <sup>2</sup>	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Pontevedra</b>																											
*A Armenteira	19.0	26.17	34.7	1	13.1	10.6	25	3	2.2	18	-119	76	95	52	70	261	1838	5	39	6	-	-	-	-	3	0	
A Granxa	20.6	30.98	38.2	1	12.4	9.1	19	1	0.6	8	-126	75	98	40	77	286	1874	3	34	17	1014	-	-	-	2	0	
A Lanzada	19.4	25.03	36.1	1	15.2	11.5	19	2	1.6	18	-119	80	94	60	70	263	1754	13	55	24	-	-	-	-	2	0	
*Areas	21.7	31.75	39.5	1	15.2	10.8	29	2	1.2	4	-	71	92	39	-	-	-	1	20	6	-	-	-	-	3	0	
*Areiro	19.9	26.07	34.1	1	15.2	11.8	19	22	12.7	2	-	77	92	55	-	-	-	3	31	6	1010	-	-	-	2	0	
*As Eiras	20.0	27.54	37.5	1	14.4	10.2	19	11	7.2	4	-113	78	96	51	76	284	1883	3	32	20	1013	-	-	-	4	0	
Cabo Udra	18.9	23.66	31.7	1	15.7	13.7	19	4	2.0	18	-109	82	94	62	66	246	1743	9	39	23	-	-	-	-	4	0	
Caldas de Reis	20.1	27.46	35.7	1	15.1	12.1	19	3	2.2	18	-125	74	93	48	66	246	1806	8	55	24	988	-	-	-	3	0	
*Camanzo	20.3	28.43	35.6	2	14.2	10.0	19	0	0.6	18	-124	74	93	46	65	243	1733	4	35	6	995	-	-	-	1	0	
Cangas-Porto	19.6	24.53	33.1	1	16.5	13.9	30	6	5.3	4	-	78	90	57	-	-	-	6	38	26	-	-	-	-	2	0	
Castro Vicaludo	20.4	24.88	33.0	1	16.5	12.7	28	16	13.6	4	-129	69	87	51	75	280	1951	10	50	24	964	-	-	-	4	0	
Castrove	20.3	26.35	34.0	1	15.8	12.3	19	9	6.0	2	-117	71	91	50	60	222	1701	8	66	5	969	-	-	-	4	0	
*Cequelifios	22.5	33.14	40.9	1	15.6	12.1	19	2	1.6	8	-149	65	92	32	73	270	1854	6	30	8	-	-	-	-	2	0	
Corón	19.5	24.33	32.9	1	16.1	13.1	29	9	5.8	2	-122	76	89	56	72	268	1848	16	65	24	1017	-	-	-	4	0	
*Entenza	21.7	30.74	38.5	1	15.1	11.3	19	4	3.0	5	-121	71	93	41	67	248	1805	1	29	25	-	-	-	-	2	0	
Fornelos de Montes	20.8	25.62	32.9	1	16.8	12.0	19	16	14.6	3	-145	61	78	43	78	292	1980	12	65	6	939	-	-	-	3	0	
Illas Cíes	19.3	23.61	32.5	1	16.1	13.2	16	8	5.5	3	-108	81	94	62	69	257	1794	7	38	26	-	-	-	-	5	0	
Lalín	19.2	26.56	33.1	2	13.4	10.6	19	24	18.2	8	-	72	94	44	-	-	-	7	41	6	-	-	-	-	3	0	
*Louredo	19.8	27.64	35.6	1	14.9	12.2	19	5	5.8	4	-	81	97	56	-	-	-	2	19	23	990	-	-	-	1	0	
Lourizán	19.8	26.34	32.2	1	14.9	12.0	19	16	9.8	2	-88	82	98	57	65	241	1749	3	27	6	1012	-	-	-	4	0	
*Meder	21.8	30.71	36.9	1	15.4	12.3	19	17	17.6	5	-	65	87	36	-	-	-	1	22	13	1001	-	-	-	1	0	
Monte Aloia	21.0	29.39	36.0	2	15.7	12.9	25	0	0.6	18	-99	71	93	45	49	182	1370	6	39	26	963	-	-	-	1	0	
Mouriscade	18.0	27.18	33.4	1	10.4	5.9	25	29	16.8	8	-90	76	91	51	71	264	1830	4	35	8	962	-	-	-	3	0	
O Viso	21.1	30.68	39.6	1	15.0	12.0	19	8	6.6	4	-126	69	91	40	72	268	1773	6	43	6	988	-	-	-	4	0	
Ons	18.9	23.44	29.9	1	15.6	13.1	29	6	3.2	4	-118	82	95	63	75	280	1920	15	64	24	1005	-	-	-	6	0	
*Pé Redondo	20.7	27.33	35.5	1	15.7	11.9	30	2	1.8	18	--	77	93	54	--	--	1416	2	33	6	-	-	-	-	2	0	
Pereira	18.9	25.51	32.4	1	13.3	9.6	19	7	3.8	4	-	74	96	48	76	282	1896	-	-	-	938	-	-	-	5	0	
*Ponte Caldelas	20.5	27.11	34.8	1	14.9	10.2	19	0	0.9	18	-145	66	85	45	75	280	1830	9	42	25	977	-	-	-	1	0	
Pontevedra-Campolongo	21.0	28.96	37.6	1	15.6	12.3	19	9	5.3	4	-	73	92	46	-	-	-	2	32	24	-	-	-	-	3	0	
Porto de Vigo	20.3	24.65	33.9	1	17.3	14.5	30	9	8.1	4	-117	80	92	62	75	281	1884	9	41	5	1016	-	-	-	2	0	
Queimadelos	22.0	31.25	38.6	1	16.7	13.1	20	8	3.0	5	--	65	85	39	50	186	1464	--	--	6	976	-	-	-	3	0	
Rebordelo	19.2	28	35.4	1	11.5	6.7	20	9	7.4	4	-	75	98	44	75	279	1817	-	-	-	977	-	-	-	3	0	
Sanxenxo	18.0	-	-	1	13.8	11.5	19	4	2.6	4	-104	70	85	48	66	247	1712	3	33	23	1015	-	-	-	3	0	
Serra do Faro	18.5	24.34	30.9	2	14.1	10.3	19	23	17.1	8	-119	66	87	43	76	283	1860	15	56	24	908	-	-	-	4	0	
*Simes	20.0	27.95	36.1	1	13.6	10.2	30	4	2.6	3	-	78	96	52	71	266	1842	-	-	-	-	-	-	-	3	0	
*Soutomaior	20.9	28.05	36.1	1	15.7	12.5	29	1	0.5	4	-	68	86	43	-	-	-	2	24	3	998	-	-	-	3	0	
*Torrequeintás	20.7	27.87	36.7	1	15.2	11.2	19	2	2.0	18	-121	68	85	45	69	257	1727	3	27	23	1010	-	-	-	3	0	
*Tremoedo	19.9	26.33	35.4	1	15.0	11.4	19	4	2.2	2	-	76	93	52	-	-	-	3	42	6	1011	-	-	-	3	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Vigo	21.0	26.44	35.3	1	16.5	13.6	19	17	16.4	4	-	73	89	53	-	-	-	-	-	-	-	2	0			
Vigo-Campus	20.7	24.96	32.0	1	17.1	13.4	28	4	2.6	4	-140	65	84	47	80	297	1992	6	36	26	966	3	0			
Xesteiras	18.7	23.39	31.5	1	14.5	10.3	25	8	2.7	20	-	72	93	49	-	-	-	21	78	6	-	4	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.